

Antigüidade e modernidade da **lingua galega**

As propostas da legalidade /vs/ as propostas da necesidade

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Profesora do Departamento de galego-
portugués na Universidade da Coruña
e Directora Xerente da Fundación
Bautista Álvarez de Estudos
Nacionalistas

(....) A sincronía actual sería inintelixíbel se non tivéssemos en conta o particular proceso de recuperación da identidade galega que se vive desde mediados do século XIX. Como é sabido, neste momento histórico asistimos non só á recuperación do galego para a escritura, para a literatura, senón, simultaneamente, á utilización dela, da literatura, como unha formidábel metonimia institucional e como un despertador das necesidades e aspiracións do pobo galego. É así como a obra de Rosalía de Castro, a inauguradora da contemporaneidade galega, o grande *big bang* do recoñecemento galego, coa de Curros Enríquez, Eduardo Pondal ou Lamas Carvajal, actúan como poderoso revulsivo social e patriótico e serán a semente dun futuro proceso de auto-organización, en todas as fronteiras, da sociedade galega. Unha vez máis, lingua, cultura, movemento social e política nacional camiñan na mesma dirección. Eles, onte, nós, hoxe, loitamos polo mesmo:

por combater a confiscación da palabra, por nos considerarmos planeta e non satélite apendicular de ningún centro español ou europeo, por erguermos a nosa voz autónoma en pé de igualdade con todas as voces da Humanidade; en definitiva, por exercermos o dereito do que denomino o triple V: dereito de voz, de voto e de veto, como calquera pobo libre e soberano.

Desde aquela primeira resurrección até o presente, a lingua galega recuperou moitos espazos de uso social e público; ampliou o eido da literatura a todos os xéneros; fíxose normal en ámbitos como o uso político, a radio, a televisión ou a tribuna pública. Mais continúa a ser unha lingua subordinada na súa propia terra, con usos "tópicos", como algúns medicamentos, sometida aínda a un esquema de hexemonía do español como idioma oficial do Estado. Verémolo no capítulo seguinte.

(...) A política lingüística derivada da Constitución de 1978 non supón ruptura a respecto da lexislación anterior, senón continuidade españolizadora, con recambio terminolóxico. Nun proceso crecente de desvirtuación conceptual e léxica, os termos oficialidade e cooficialidade rotulan, compensatoriamente, situacións legais e reais que están moi lonxe de merecer tales nomenclaturas. Acerca das lexislacións autonómicas, é preciso lembrarmos que elas son peza integrante da lexislación estatal, dotadas, portanto, dunha soberanía moi limitada para programar accións normalizadoras para as linguas respectivas. A recupe-

Reproducimos algúns fragmentos da ponencia aprentada ao I CONGRESO DAS LINGUAS que se desenvolveu na cidade arxentina de Rosario entre o 15 e o 20 de novembro de 2004



María Pilar García Negro na lectura da súa ponencia



Manifestación organizada desde o congreso polas rúas de Rosario

ración da homoxeneidade lingüística quebrada; a consideración do problema lingüístico como un problema colectivo, necesitado de planificación social; o principio de territorialidade; a delimitación de espazos exclusivos para as linguas nacionais; a declaración de obxectivos claros e temporalizados no proceso de restauración... están ausentes ou confusamente enunciados no corpo legal autonómico. Neste contexto, “o cume de toda boa fortuna” para o galego sitúase na posibilidade, na facultade de ser utilizado como un dereito individual que as institucións públicas recoñecen e elas, as primeiras, encárganse de imposibilitalo.

O galego está desasistido dunha lexislación realmente normalizadora e a política institucional autonómica refúxase na ambigüidade e na falta de prescricións claras para xustificar a súa lasitude ou a súa inoperancia no proceso normalizador. Este, con progresos evidentes nos últimos trinta anos, cuxa autoría corresponde ao esforzo social e político de base e cuxa filiación ideolóxica é a do nacionalismo, non rende o debido, ao non se ver correspondido por unha cobertura xurídico-administrativa que o apoie e patrocine, polo que os seus avances fican ralentizados ou con dificultades superiores ás que marca o propio tempo e os condicionamentos sociais, as inercias e as rotinas na restauración dun idioma. Desde o punto de vista estritamente legal, o español conta con protección reduplicada (a asegurada polo Estado e

a garantida polas Comunidades Autónomas) e o galego aínda non dispón dun corpus legal que o recoñeza, o garanta e o prescriba como lingua de Galiza con todas as consecuencias. Por iso, a pregunta segue a ser hoxe: non onde o galego *xa* está, senón onde *non* está, podendo existir legal e lexitimamente. A normalización de usos consiste, en consecuencia, en poder utilizar o galego en todos aqueles ámbitos e funcións en que non se discute a presenza do español. Por iso, a contradición e o paradoxo que hoxe vivimos non procede só dunha diacronía negativa para a lingua galega, senón dun marco xurídico-político que en lugar de encarar solucións, sofistica os problemas anteriores.

(...) A función fai o órgao: tal afirmaba a bioloxía clásica. O robustecemento da lingua galega, a súa mellora léxica, a recuperación das súas formas xenuínas, a boa saúde do código, en definitiva, dependen da súa amplitude e riqueza funcional. Fronte ao uso regulado e permitido, a capilaridade social; fronte á hipertrofia da oralidade coloquial, o uso público e escrito; fronte á ocultación diglósica e a disimulación, o uso con naturalidade en calquera ambiente e interacción; fronte a unha tradición negadora da diversidade e o diálogo intercultural, a única modernidade democrática posíbel: aquela que garanta o uso libre, sen restricións nin ataduras, da lingua de cada pobo, de cada nación. Dígase home e están ditos todos os dereitos, proclamou José Martí. Dígase lingua -parafraamos- e están ditos todos os dereitos humanos.

Por isto, hoxe en día, debemos seguir encarando os seguintes paradoxos:

- (a) No actual contexto español, contra toda evidencia histórica e científica, convértese as linguas que non son a oficial do Estado en superestruturas desestabilizadoras da orde estatal e europeo.
- (b) Tendo sido aplicada a estas linguas, reiteradamente, un *desideratum* conservacionista –con arsenal léxico que se traspasou á mesma lexislación: “conservar”, “preservar”,

“amparar”, “protexer”...— como se as linguas fosen baleas, osos, focas..., asistimos á fractura de toda lóxica cando se impide, ou se entorpece, calquera medida efectiva de protección, sexa en recursos financeiros, delimitación de territorio, espazos sociais, “habitat” asegurado, sexa na mellora de condicións de vida e saúde... Onde a ecoloxía, onde o equilingüismo?

- (c) Galego, catalán, vasco... son linguas permanentemente obrigadas, conminadas, a definírense e a lexitimárense, nunha sorte de tea de Penélope inacabábel, fronte á lexitimación “vaticana”, incontrovertíbel, dogmática, da lingua oficial do Estado, o español. Ao igual que, noutras áreas temáticas, se cuestiona o “sobredimensionamento” da cota láctea, da pesca galega, do tamaño do sector público ou dos movementos populares e/ou nacionalistas e nunca se cuestiona o tamaño e expansión de, por exemplo, “Coca Cola”, corporacións bancarias, multinacionais e capital transnacional, da mesma maneira se somete a permanente exame de permiso legal e institucional o tamaño, extensión social, posibilidades de futuro... das linguas con carné de identidade e permiso de residencia problemático. Despois de vinte e cinco anos de réxime constitucional, estas linguas —cal residentes baixo control— deben renovar periodicamente os seus respectivos permisos de circulación social autorizada.

Como moi ben dicía, en visita a Galiza, Rigoberta Menchú, o que nos fai falta non é que nos boten unha man, senón que nos retiren a que nos teñen ao pescozo... O cal, traducido a materia sociolingüística, significa que queremos conxurar, dunha vez, os atributos negativos da subordinación do galego. E é que, en efecto, ben poderíamos colocar, no frontispicio do conflito lingüístico galego, un verbo latino de fecunda descendencia. Este verbo, *premere*, ten unha abundante derivación-composición, que, desde o matriz

Declaración pola autodeterminación lingüística

Reunidos no I Congreso das Linguas na cidade de Rosario, as organizacións e Pobos Orixinarios expomos ás comunidades lingüísticas a seguinte declaración:

1. As 200 multinacionais que exercen o poder máis concentrado da historia da humanidade, superando a capacidade de acción de calquera estado, exercen a súa dominación por medio do colonialismo cultural, polo tanto, lingüístico e recorren á represión cando o modelo colonizador non acha respostas.
2. Deste xeito os Estados oprimen os Pobos Orixinarios e comunidades nacionais e lingüísticas que están sometidas ás estruturas estatais. A primeira vítima deste colonialismo é o dereito á autodeterminación dos pobos.
3. A forma cultural en que se expresa esta opresión é a negación dos dereitos identitarios que se resumen no concepto de autodeterminación lingüística dos Pobos Orixinarios e das comunidades históricas que conforman a diversidade da cultura humana por toda a terra.
4. Os estados que oprimen esta diversidade deben recoñecer o seu carácter plurinacional e multicultural admitindo o dereito de autodeterminación dos pobos.
5. Para conseguir un mundo igualitario, cómpre tamén a igualdade das linguas partindo do recoñecemento delas. Nese camiño habemos lograr o recoñecemento da oficialidade de todas as linguas, no ámbito das súas respectivas comunidades.
6. Estas comunidades teñen dereito a exerceren a autodeterminación lingüística e por medio dela posúen todos os recursos necesarios para desenvolver a política lingüística de forma totalmente autónoma, sen inxerencias exteriores, organizando e xestionando os recursos necesarios para o mantemento, transmisión e normalización total das súas linguas.
7. As comunidades lingüísticas están formadas por seres humanos que soportan agresións concretas. A solidariedade entre todos os pobos que defenden a súa identidade por todos os medios ao seu alcance é indisolúbel e na presente declaración manifestamos que por cantos territorios habitamos asumiremos a defensa de cada un dos nosos pobos.

SE TOCAN UN SÓ POBO, ATACAN A TODOS
SE OPRIMEN UNHA SOA LINGUA, OPRIMEN TODAS.

Na cidade de Rosario (Arxentina), 20 de novembro de 2004.

semántico inicial (“apertar”, “presionar”, “abafar” e, tamén, “ocultar”, “disimular”), é válida para a caracterización, historicamente adquirida, da lingua galega. Ela é, certamente, unha lingua **oprimida** (poderes públicos, dependencia do Estado, institucións...); unha lingua **deprimida**, ao non ter a utilización polifuncional de calquera lingua normal; unha lingua **reprimida**, nos usos secundarios, directamente castigada (por exclusión); unha lingua **espremida**, sen seiva e sen proxección dos seus mecanismos de actualización e renovación interna; unha lingua, enfin, **comprimida**, ghetificada, reducida a espazos redundantes e previsíbeis.

Esta é a crise que estamos a vivir: entre esta forza represora, por unha banda, e toda a vitalidade e potencia do esforzo normalizador, por outra, que rendería moito máis se contásenos con poderes públicos legais respecto deles mesmos e respectosos con aquilo que viven e ao que se deben ■

A pregunta segue a ser hoxe: non onde o galego *xa* está, senón onde *non* está, podendo existir legal e lexitimamente